

## NOTA DE PRENSA

# **A Asociación Área Empresarial do Tambre e o Real Aeroclub de Santiago asinan un convenio para mellorar os servizos que ofrecen aos seus asociados**

**Os socios da entidade empresarial terán acceso a cursos gratuítos de iniciación ao golf, pádel e tenis**

**Impulsarán a cooperación empresarial e a organización de xornadas, talleres ou outras accións formativas e informativas nas instalacións da asociación**

---

A Asociación Área Empresarial do Tambre (AAET) e o Real Aeroclub de Santiago asinaron hoxe un convenio de colaboración para mellorar os servizos que ambas entidades ofrecen aos seus asociados. O acordo foi subscrito polos presidentes de ambas entidades, **José Fernández Alborés** e **Celso Barrios Ceide**.

O convenio, dun ano de vixencia, persegue dous obxectivos fundamentais. O primeiro deles é poñer en coñecemento dos asociados do Tambre os cursos de iniciación ao deporte ofrecido polo Aeroclub. Serán cursos gratuítos de iniciación ao golf, pádel e ao tenis, incluíndo nas actividades todo o material deportivo, as saídas ao campo con profesionais, fichas técnicas personalizadas e unha avaliación final das clases.

O segundo propósito do acordo é establecer unha colaboración que sirva para impulsar e promocionar actuacións encamiñadas a mellorar a actividade e cooperación empresarial, a información e formación, dentro dos servizos e competencias de ambas entidades.

Ademais, colaborarán na organización de xornadas, talleres ou outras accións formativas e informativas que acorden mutuamente e que se celebrarán nas instalacións da Asociación, que tamén promoverá a participación dos seus asociados nos diferentes eventos organizados.